

Leo xq leo

Un día de verán, nos montes de Vallirana (Barcelona), dous escritores conversaban sobre o divino e o humano mentres tomaban o sol en cadanseu colchón sobre a auga dunha piscina, que é como se debe conversar sobre o divino e o humano. Un deles (o maior) propúxolle ao outro (o menor) escribir un libro xuntos, pero non a catro mans, senón a dúas cabezas; é dicir, que cada un escribise unha parte da obra, distinta, pero vinculada dalgún xeito á outra parte. Un apertón de mans selou o compromiso e, nese momento, alguén o inmortalizou nunha foto. Os dous, vestidos coa mesma camiseta de Bob Dylan para maior simbiose, quedaron retratados. E nunca mellor dito.

Eses escritores eran Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) e Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), contista un, poeta o outro. De aí o curioso e o excitante do proxecto.

Como vincular narrativa e poesía nun mesmo libro?

A excitación apoderouse deles e, nos meses seguintes, xa non descansaron ata que deron coa fórmula definitiva. En decembro, Jordi propuxo que el escribiría 31 contos curtos, moi curtos (algo insólito nel), e que partindo deles, Antonio crearía á súa vez 31 poemas. Antonio respondeu que o verdadeiro reto sería facelo todo a medias, é dicir: a metade serían contos orixinais dos que el elaboraría outros tantos poemas e a outra metade serían poemas orixinais para os que Jordi debería imaxinar outros tantos contos. O proxecto quedou pactado e en xaneiro comezaron os traballos, que concluíron felizmente nos montes de Vallirana, no verán do ano seguinte.

*Contos e poemas para un mes calquera* é, pois, unha experiencia única e moi especial: o resultado da fusión de dúas mentes inqueda nunha

soa, algo insólito nas letras hispanas. Narrativa e poesía nunca foran tan da man coma neste libro, proba da convivencia harmónica de todo o que sexa literatura e zumegue ese zume tan adrenalítico que é o amor. Amor por escribir ou ler. Amor por crear. Amor por seguir avanzando e buscar novas fórmulas de comunicación. Amor por demostrar que non todo está feito e aínda quedan camiños e máis camiños por explorar.

Queda unha terceira en discordia: Raquel Aparicio, ilustradora, terceiro piar deste tallo literario. Ela deu forma visual ás fantasías dos dous cerebros pensantes e escribentes.

E por que 31 contos e poemas e non 57 ou 109? E por que este prólogo leva o curioso título de «Leo xq Leo»? E por que o universo é infinito?

Á primeira pregunta debemos responder que o número non foi totalmente casual. Un mes ten 31 días como máximo, así que a un conto e un poema por día... saíron 31. Inda que tamén se pode ler en febreiro ou nos meses con 30 días. Á segunda pregunta, a resposta é aínda máis significativa: Jordi e Antonio son león. E iso é case

coma unha definición, unha tarxeta de identidade, unha matrícula, un selo indeleble. Ser león é... un berro de poder. Jordi naceu un 26 de xullo e Antonio un 13 de agosto. O libro ben puido titularse *Leo en xullo e en agosto*, pero entón alguén podería interpretar que só podía lerse no verán e non, non é iso. Buscando título á obra, Jordi dixo en broma «Leo porque leo» e gustounos. Así que o aproveitamos para esta entrada. E ademais en plan mensaxe de móbil. Pura modernidade. En canto á terceira pregunta, a verdade é que non temos nin idea, pero se o é, por algo será, e nós non somos quen para meternos niso.

Quen escribiu primeiro que? A resposta é sinxela. Nos días impares primeiro alumeouse o poema de Antonio e despois naceu o conto de Jordi inspirado nel. E nos días pares, ao contrario, primeiro o conto e logo, baseado nel, o poema.

Jordi escribiu os seus contos en aeroportos e hoteis de moitos lugares, onde recibiu mil influxos distintos, e quere sinalar que algúns contos son moi antigos e están reescritos para esta obra. Así mesmo, hai dous que proceden de senllas

lendas populares: «O conto da boa sorte», dunha lenda mexicana e «Os enviados do rei», dunha chinesa. Antonio escribiu toda a súa parte no estudio, acompañado por centos de libros e miles de harmonías procedentes da música coa que, nesta ocasión, se envolveu para crear a súa maxia: o jazz.

Narrativa e poesía, da man, búscante.

Con amor.

Este libro viu a luz coa axuda de Susi (teclas, mails, fotografía e inspiracións varias), novamente a de Antonia (asistente e correctora) e o amor constante dos nosos fillos, Antón, Dani, Georgina e Noa (por orde alfabética, que non de idade ou capacidade). A todos, harmónicas grazas.

O GRAN LEÓN